- Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.
- Estar inscrito no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia e dispor do correspondente documento acreditativo.
- Estar debidamente identificado como comerciante ambulante, na forma establecida no artigo 77 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de Comercio Interior de Galicia.
- No caso dos estranxeiros, acreditar o cumprimento da normativa específica vixente.
- Satisfacer a taxa por ocupación do dominio público que estea prevista na correspondente Ordenanza Fiscal.
- Cumprir as condicións e requisitos exixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto de venda.
- Estar en posesión do carné de manipulador de alimentos no seu caso.
- Dispor da correspondente Autorización Municipal.
- Dispor dun seguro de responsabilidade civil.
- As persoas xurídicas deberán acreditar o CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude en representación da empresa.

No referente aos requisitos sinalados é necesario destacar que, de conformidade co establecido no artigo 5 da Lei 17/2009, de 23 de novembro, a normativa reguladora do acceso a unha actividade de servizos ou do exercicio da mesma non poderá impor aos prestadores un réxime de autorización, salvo excepcionalmente e sempre que concorran as seguintes condicións, que farán de motivarse suficientemente na Lei que estableza devandito réxime:

— Non discriminación: Que o réxime de autorización non resulte discriminatorio nin directa nin indirectamente en función da nacionalidade ou de que o establecemento se atope ou non no territorio da autoridade competente ou, polo que se refire a sociedades, por razón do lugar de localización do domicilio social.

— Necesidade: Que o réxime de autorización estea xustificado por unha razón imperiosa de interese xeral

— Proporcionalidade: Que devandito réxime sexa o instrumento máis adecuado para garantir a consecución do obxectivo que se persegue porque non existen outras medidas menos restritivas que permitan obter o mesmo resultado, en particular cando un control a posteriori producívese demasiado tarde para ser realmente eficaz.

Así, en ningún caso, o acceso a unha actividade de servizos ou o seu exercicio suxeitaranse a un réxime de autorización cando sexa suficiente unha comunicación ou unha declaración responsable



do prestador mediante a que se manifeste, no seu caso, o cumprimento dos requisitos exixidos e facilítese a información necesaria á autoridade competente para o control da actividade

O artigo 72 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de Comercio interior de Galicia recolle a exixencia de autorización para o exercicio da Venda Ambulante.

Destacar que o Preámbulo do derogado Decreto 194/2001, de 26 de xullo; dicía «***A venda ambulante ten en Galicia, pola típica dispersión da súa poboación e agrupamiento nunha gran cantidade de pequenos núcleos a miúdo carentes de estrutura comercial algunha, unha importancia moi considerable; e así mesmo comporta múltiples implicacións tanto para os consumidores e usuarios como para o comercio sedentario e para as corporacións locais.***

Polo que se fai necesario o desenvolvemento legal desta materia, para establecer o sistema de rexistro e identificación dos vendedores ambulantes e facilitar que os consumidores saiban con quen tratan; para que as obrigas dos comerciantes establézanse e cumpran por igual por uns e por outros, ambulantes e sedentarios, e para que o exercicio das súas competencias sexa máis sinxelo para as corporacións locais>.

A Lei 13/2010, do 17 de decembro establece que as autorizacións concederánse en condicións non discriminatorias e o procedemento haberá de garantir a transparencia e imparcialidade e, en concreto, a publicidade adecuada de inicio, desenrolo e fin do proceso, e dado que o número de autorizacións disponibles é limitado debido á escasez de solo público habilitado a tal efecto, a duración das mesmas non poderá ser por tempo tempo indefinido, debendo permitir, en todo caso, a amortización das inversións e un ha remuneración equitativa dos capitais invertidas, outorgándose as autorizacións por tempo determinado, sendo o seu prazo máximo de duración de cinco anos prorrogables de forma expresa por idénticos períodos.

O rexime sancionador está adaptado á Lei 13/2010, do 17 de decembro, de Comercio Interior de Galicia; debendo a respectiva ordenanza determinar como mínimo :

a) Os lugares e períodos en que poida celebrarse a venda ambulante, así como a tipoloxía admitida, tendo en conta das características e necesidades de cada municipio e, especialmente, dos indicadores seguintes:



1. Densidade de tránsito e circulación.
 2. Acceso aos locais comerciais ou industriais, aos seus escaparates ou exposicións.
 3. Acceso aos edificios de uso público.
 4. Condicións para garantir a adecuada sanidade e hixiene.
 5. Interese das persoas consumidoras.
 6. Tradición e raigambre no municipio desta modalidade de venda.
- b. Os requisitos para o exercicio da venda ambulante.
- c. O réxime de autorizacións.
- d. A previsión do número de postos ou licenzas.
- e. Os produtos que poderán ser ofrecidos á venda.
- f. A taxa a pagar pola concesión da licenza.
- g. O réxime interno de funcionamento do mercado, no seu caso.
- h. A previsión do réxime sancionador.
- i. A relación de dereitos e deberes de acódelas comerciantes ambulantes.

A aprobación das Ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento:

A. Por Providencia de Alcaldía tén que se iniciar o expediente e solicitarase aos Servizos Municipais competentes, en razón da materia.

B. Elaborado e recibido o proxecto de Ordenanza, corresponderá a aprobación inicial da mesma polo Pleno (artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), previo Ditame da Comisión Informativa, e abrirase período de información pública, por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. O Acordo de aprobación inicial publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

C. Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto da Ordenanza as modificacións derivadas da resolución das alegacións. A aprobación definitiva corresponde ao Pleno, de conformidade co disposto polos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, previo Ditame da Comisión Informativa.



D. No suposto de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial da Ordenanza no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo ata entón provisional, estendéndose por esta Secretaría a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

E. O Acordo de aprobación definitiva -expresa ou tácita- da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taloleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Na súa virtude, a xuízo do funcionario informante procede a tramitación da devandita Ordenanza.

Tal é o meu informe, nos obstante o Pleno do Concello co seu superior criterio acordará o que estime convinte.

O Sr. Alcalde manfiesta que este punto é a aprobación da Ordenanza Reguladora da Venda ambulante e das actividades feridas, xa expliquei en comisión que había unha regulación discrecional, non arbitraria evidentemente, pero si discrecional, onde esto se ía levando con boa vontade, toda a actuación do Concello non estaba reglada, e en consecuencia se trata de dar un respaldo normativo, cunha actuación administrativa que existe e que non tiña, e en consecuencia, a solución é loxicamente crear unha normativa aplicable, e é o que hoxe traemos a Pleno, e en consecuencia sometemos a aprobación, aberto un turno de intervencións.

Toma a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández, eu aínda que non estiven na Comisión Informativa, nin estudiei o asunto como se debería de estudar seguramente, en canto á lectura e as conclusións que quito da proposta da taxa, me parece ben, seguramente haberá algunha laguna onde se pode discutir, pero en principio eu a vexo bastante razoable polo tanto noso voto vai a ser favorable.

Interven o voceiro do BNG Sr. Mesias Farias: estamos diante dunha ordenanza reguladora da venda ambulante, pero isto é moito máis que simplemente falar sobre os custos do mercadillo, que é do que máis se fala ahí, o documento parece que está ben en liñas xerais, parece ben un xenérico que se aplica en outros Concellos, hai un tema que algunha vez se lle meteu man, e que dalgunha maneira se acordou un pouco, e que era a venda ambulante fora do mercado, eu sei que este é un tema delicado pero as cousas hai que falalas, pero as cousas así deixalas collidas con pinzas non está ben, as veces tampouco resulta moi ben, sobre todo porque eu penso que o mercado se lle debería dar unha promoción que



non ten, se debería de facer unhas campañas que animen a mercar ahí, entónces está claro que nese punto no artigo núm. 5 non queda nada claro este detalle, porque dí que o tipo de venda en camiión ou furgoneta, non poderá facerse a menos de 300 metros do mercado, claro que pasa que a 300 metros xa non lle fai dano o mercado, e de que maneira se van a cotexar esas cousas, e ter un control do que é a venda ambulante, sobre todo no tempo de verán, ahí temos unha laguna importante, e creo que tamén está ordenanza e consecuencia da Lei, de aplicación da Lei 13/2010 se non me equivoco do Comercio Interior de Galicia, esto ten moito que ver co que estamos a dicir, porque votamos en falla e esperamos que dalgunha maneira axa medidas de apoio ó comercio local. Escoitando os comerciantes que de día a día nos ofrecen a posibilidade de mercar en Ares, porque é un servicio que é bo para todos, e bo para os comerciantes porque venden, eso crea unha situación económica no ámbito do vendedor, e bo para a veciñanza porque posibilita o poder mercar no pobo, e máis establecece unha dinámica social favorable, e tamén e bo para o Concello porque contá cunha maior actividade comercial, polo tanto entra máis diñeiro nas arcas publicas, esas cousas que temos ahí nos prantexan varios interrogantes, que consideramos que non solucionan ese problema, vamos a abstermos.

Interven o voceiro do Partido Popular. SR. Manuel Cendán Fernández: Eu un pouco coincido coa exposición do voceiro do BNG, dicir que non queda ben recollido o tema do pescado, o tema máis importante que temos nos aquí que resolver, eu creo que antigamente nos anos oitenta e pico, se lle poñía un horario á xente do pescado ambulante, se lles mandaba estar ata as once da mañá na praza, e despois se ían para alí para o centro, eu creo que esto habería que darlle unha volta de tuerca máis, miralo e haber se somos capaces de normalizar esta situación , sabemos o que ahí pero tampouco se pode ser extricto neste tema, porque o pescado o tes que vender no día, sabemos do problema da praza de Ares que non ten moita afluencia, sabemos que a xente ten que vender o pescado porque senón se lle vai a perder, e esto conleva perda para o armador e perda para os mariñeiros. Eu creo que esto habería que regulalo tranquilamente dentro dun debate e nunha reflexión con esta xente, non sei se haberá que esixirlles como se facía antigamente que a primeira hora foran para a praza, e despois deixalos ir para as rúas, eso hai que regulalo cun control como ven aquí e en definitiva o que é de todos, a ordenanza en regular todas estas cousas, e nos vamos a votar a favor, pero creo que o tema este do pescado hai que reflexionar sobre el, e buscarlle unha solución porque é un tema pendente de bastantes anos, que temos que poñerlle fin a eso.

Interven a Sra. Barrón Ferro: bos días a todos, en primeiro lugar quería respostar o voceiro do BNG, creo que a asociación de venda regulada de venda de pescado, precisamente e unha das que están especificadas como venda en camiión-tenda, peixe fresco, si é certo que a venda de pescado, se esta facendo por determinadas persoas nas rúas e demáis, tamén e certo que terán que regularizar a situación, temos que falar con eles, pois tampouco se pode discrimiar a xente que regularmente esta pagando os seus impostos en beneficio doutros que non o están facendo. A venda en camiión-tendo, de pescado de alimentos e demáis, está



buscada para nucleos ruraris, e dicir a indisincrasia da súa regulación saleu para eso, cando hai un Mercado no municipio, se supón que está articulado para que a xente poida acudir, tanto dentro do mercado como nos postos ambulantes de fora, e creo que esta suficientemente copado ese espacio de venda, para que poidamos efectivamente sacar ese nucleo que fixamos de 300 metros, porque hai que poñer un limite.

O Sr. Alcalde, manifesta que nese perímetro de 300 metros entran, porque sabemos onde se poñen, entonces é unha maneira de flexibilizar, con camión non ten porque estar aquí.

Sr. Barron Ferro, cando hai postos de peixe no mercado como os hai, esta pensado a venda en camión tenda para os nucleos rurais, se trata de que todos estén regulados, que cumpran a normativa como por exemplo un tema que nos preocupa o de Saude Pública, que todos teñan que cumprir as mesmas normas e teñan igual de obrigacións.

Toma a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández, me gustaría aclarar certos aspectos, como recordaredes todos polo menos os que estades aquí, cando viñeira, se desplazara o Conselleiro Sr. Blanco do BNG, á inauguración do Mercado, resulta que alí se lle dirixiu unha das que estaba no posto do Mercado, e lle dixo este tema, claro, coa Lei na man un responsable da Xunta lle daba a razón a vendedora, que é ilegal, non hai por onde cóllelo, mais ala da regulación, que podemos aprobar aquí con esta taxa, da distancia, horario e tal, se facemos unha análise de sinceridade, eso é moi difícil de regular, en primeiro lugar porque a venda que se está facendo de pescado, e ilegal, entonces se aplicamos o criterio ou os guardias van alí e lle requiren a mercancia, ou eso e contrabando, xa en primeiro lugar, entonces cuidado co que estamos barallando, e por outro lado a xente que como ben se di aquí, ven cunha caixa de fanecas, e tal, se ten que ir a Coruña, a pasar por lonxa, aparte do pouco prezo que seguramente lle van a dar, onde o defendes aquí, sabemos que hai unha serie de familias que viven deso, ese tema hai que tratalo de puntillas porque si vamos alí e se lle pide a guía do pescado, e contrabando, armamos a mari morena, esto eu creo que o sabemos todos.

Sr. Alcalde, a ordenanza se vai a aplicar os que están vendendo legalmente, esta claro, haber Rallano ou no seu momento Tuto, tiñan os seus pescados coas súas guías, pois hoxe efectivamente poderían poñerse a 300 metros do mercado, e ademáis poderían ir por Lubre, por Chanteiro, nos facemos a regulación pensando en quen pode facelo ben, claro quen está a 300 metros e resulta que non ten guías do pescado, e un lío.

Sr. Luis Cendán, a maioría de Ares a cultura que ten é de non ir á praza, precisamente o tema que acabas de dicir ti, os Gardas Municipais os sancionaban porque se ían da praza antes da hora establecida, viñan coas queixas, esa xente pasaba por Lonxa, pagaba seus autónomos, pagaba os seus impostos, e a competencia desleal a facían non tres ou catro, sete ou oito porque o sabemos e hai anos moitos máis que vivían do mar, polo tanto o tema é delicado, e



regular eso haber, cada vez quedan menos nesa situación, pero que saíbamos que a situación Real é esa.

Interven o Voceiro do BNG. Sr. Mesias Farías, ben precisamente a todo esto que se dixo aquí é o que me refería eu, precisamente o que se pensa a venda ambulante é para nucleos que non son de Ares, nos temos un pasado e as peculiaridades de Ares como doutras vilas mariñeiras hai un pasado e hai unha tradición que pesa, e de certa maneira tamén teño nostalgia, vivin na Rua Real moitísimos anos e aínda me recordó antes de levantarme escoitar a Marujita como dicía ei republicanos para levantar á xente, a mín esas cousas eran cousas que me quedaban na memoria, e o que pasa que a día de hoxe hai que aplicar unhas leixes, e estas entran en conflito que antigas maneiras. Eu penso que deberíamos de facer dalgunha maneira de facer de manter esas tradicións, que é polo ben do pobo, e é tamén polo ben deses postos de venda, e dalgunha maneira facer tamén que esa ilegalidade que se está cometendo agora que non se cometa, entónces eu pediría que houberese neste un debate de ideas, e como poderíamos sacar un froito que tamén se podería dinamizar a nivel turístico, eu me reafirmo que é un tema peculiar e difícil, pero a realidade é a que é.

Sr. Alcalde, as competencias en materia de mercados minoristas son Autonomicas, non son municipais, hai unha lei Autonómica, que regula o comercio minorista e nos a temos que comer así no regulamento, entónces non nos deixa marxe, mais que efectivamente para ordenar os postos, poñer a taxa e tarefas de vixilancia, en materia de que efectivamente teñan o carnet de manipulador de alimentos, e demáis pero o contexto xeral regulador é autonómico, entónces nos non podemos desviarnos un ápice da competencia autonómica, e é esta a que non se pon esa lei, senón efectivamente por outras que regulan a Lei, de venda de pescado en Lonxa e demáis non hai marxe, e dicir quen non ten guía do pescado no o pode vender nin fora do mercado nin dentro do mercado, e nos non temos ningunha posibilidade como Concello de decidir nesa situación, entónces regulamos ata onde temos alcance e ata onde nos deixan, entónces esa situación que efectivamente é excepcional e que sen dubida, algunha podería ter certa proxección sobre todo en período estival non temos marxe competencial ningún para poder incidir nela, porque incide normativa sanitaria, normativa de pesca, e normativa de venda, entónces non hai marxe para eso.

Sr. Mesias Farías, o que está claro que Ares o igual que outros pobos mariñeiros ten esa tradición.

Sr. Alcalde, esa tradición se pode respetar moi fácil, ti vas a Lonxa mercas o peixe e o vendes onde queiras, o problema é a venda directa, nos poderíamos ter xente vendendo peixe na rampa grande co bonito que é, agora ten que ter guía, o que pesca ten que lévalo a un sitio, que se chama lonxa, e se non o leva a ese sitio. O tema e como permitir esa venda directa.



Rematado o debate sometese a votación o asunto e o Pleno do Concello por 11 votos a favor (6 PSdeG-PSOE, 4 PP e 1 NAL) E 1 abstención do grupo municipal do BNG, acorda prestarlle a súa aprobación a presente Ordenanza e consecuencia adoptar o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora da venda ambulante e das actividades feirais do Concello de Ares, a cal figura como anexo o presente acordo.

2º.- Someter o presente a información pública polo período de trinta días mediante publicación de anuncio no B.O.P. de conformidade do disposto no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse reclamacións.

ANEXO.

ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE E ACTIVIDADES FERIAIS NO CONCELLO DE ARES

Artigo 1.

A presente Ordenanza ten por obxecto regular o exercicio da venda ambulante e actividades feriais dentro do termo municipal de Ares e apróbbase de conformidade co disposto nos artigos 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 1.2.º do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio Minorista, a Lei 13/2010, de 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia, o Real Decreto 199/2010, de 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria e a Lei 2/2012 de 28 de marzo, galega de protección xeral dos consumidores e usuarios..

Así mesmo, tivéronse en conta os principios da Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Artigo 2.

1. Considérase venda ambulante ou non sedentaria a realizada por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares autorizados, en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións-tenda.

2. A organización, intervención e inspección da venda ambulante correspóndelle ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue.

Artigo 3.

1. A venda ambulante só poderá levarse a cabo nos mercados fixos, periódicos ou ocasionais así como nas zonas da vía pública que autorice o Concello.

2. Autorízase o exercicio da venda ambulante periódica exclusivamente nos aledaños do mercado municipal a celebrar semanalmente os martes e venres de 9:00



horas a 15:00 horas , no ámbito comprendido entre as rúas Santa Bárbara, Anxos e Praza da Constitución (sen obstáculo para que o órgano municipal competente, debido a circunstancias sobrevidas, poida autorizar outra ubicación).

3. Con carácter excepcional a Alcaldía poderá autorizar a venda ambulante noutros emplacements con motivo de festas, acontecementos populares ou celebracións especiais. Cando ditos motivos así o aconsellen, ou por causa de orde pública, a Alcaldía poderá suspender ou modificar a data de celebración do mercado periódico.

Artigo 4.

1. Os postos de venda ambulante non poderán situarse en acceso a edificios públicos, establecementos comerciais ou industriais, nin en lugares que dificulten estes accesos e a circulación peonil , agás autorización expresa e motivada. As rúas nas que se celebre o mercado estarán pechadas ao tráfico de vehículos nos días e horas nos que éste se celebre .As operacións de descarga e instalación dos postos haberán de efectuarse entre as 08:30 horas e as 09:00. A desmontaxe e retirada dos postos efectuarase a partir das 14:30, no prazo máximo dunha hora, deixando o lugar en perfecto estado de limpeza.

Artigo 5.

Poderán ser ofrecidos á venda artigos téxtiles, de artesanía, bixutería, marroquinería, calzado, confección, droguería, artigos de coiro ou pel, de ornato de pequeno volume, así como produtos alimenticios que non estean expresamente prohibidos pola normativa vixente.

Autorízase a venda en camións-tenda de pan, froita, queixos, produtos envasados, peixe fresco e conxelado, así como outros produtos alimenticios nos que a súa venda en réxime de ambulancia estea autorizada pola normativa estatal ou autonómica aplicable, cando se cumpran as condicións sanitarias e hixiénicas que establece a Lexislación sectorial sobre a materia para cada tipo de produto. En concreto, non poderá vender produtos destinados ao consumo humano quen careza do carné de manipulador de alimentos.

Este tipo de venda en camiión ou furgoneta non poderá realizarse a menos de 300 metros do perímetro do mercado periódico.

Artigo 6.

Para o exercicio da venda ambulante esixirase o cumprimento dos seguintes requisitos:

- Estar dado ou dada de alta no réxime correspondente de Seguridade Social, e no seu caso, no Imposto de Actividades Económicas.
- Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos.
- Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.
- Satisfacer as taxas e os tributos fixados nas Ordenanzas fiscais deste municipio (no tempo e forma que ésta estipule).
- Dispor dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, se se tratase de persoas estranxeiras.
- As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.



- Dispor de seguro de responsabilidade civil.

Artigo 7.

1. O exercicio da venda ambulante requirirá a previa autorización municipal para cada emprazamento concreto e por cada unha das modalidades de venda ambulante que o comerciante se propoña exercer.

2. A autorización municipal para o exercicio da venda ambulante ten as seguintes características:

a) A súa concesión ten carácter discrecional, estando supeditada ao interese xeral.

b) Pode ser revogada unilateralmente por incumprimento das condicións do seu outorgamento ou da normativa vixente.

c) Terá unha duración máxima de dous anos, que coincidirá cun bienio natural. As autorizacións bienais poderán renovarse de forma expresa por idéntico período.

As autorizacións cuxo período de validez sexa inferior a un ano, extinguiranse na data sinalada expresamente na autorización.

d) Será transmisible previa comunicación ao Concello. O novo titular terá que reunir os requisitos esixidos nesta Ordenanza para o exercicio da actividade, quedando subrogado nos dereitos e obrigacións que corresponderían ao titular cedente. A transmisión dunha autorización non afectará o seu período de vixencia, que se manterá polo tempo que reste ata a finalización do prazo de duración.

No caso de que o impedimento para o exercicio da venda que autoriza a licenza municipal sexa temporal ou transitorio, o titular, mantendo tal condición, poderá ser substituído, previa autorización municipal, polos familiares en primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, sempre que o familiar proposto non sexa titular doutra autorización e que estea dado de alta na seguridade social, cando proceda, todo o cal deberá documentarse adecuadamente.

e) Os titulares da autorización ou licenza, nos mercados periódicos, poderán designar a un suplente, cuxos datos persoais se farán constar na autorización.

Exclusivamente estará habilitado para o exercicio da venda ambulante cando por causa de enfermidade, por atender a obrigacións públicas ou oficiais de carácter inescusable, por circunstancias de forza maior ou outras de carácter excepcional, o titular estea imposibilitado para o exercicio da actividade, e só poderá substituílo durante o tempo no que concorran tales circunstancias. O suplente non poderá ser titular de licenza deste Concello para o exercicio da venda ambulante. A condición de suplente non xerará dereito algún de cara á ulterior concesión de licenzas para o exercicio da venda ambulante.

f) O titular da autorización poderá contratar persoal que lle asista na atención do posto.

Artigo 8.

A autorización municipal de exercicio da venda ambulante terá como mínimo o seguinte contido:

a) Nome e apelidos ou denominación social, domicilio e DNI/CIF do titular da autorización

b) Modalidade de venda ambulante que se autoriza



c) Determinación dos artigos que poden ser obxecto de comercialización, especificando as condicións particulares de hixiene ou seguridade especialmente necesarias para o caso

d) Determinación dos lugares e dimensións, así como os días, horario e frecuencia para os que se autoriza o exercicio da venda ambulante

e) Determinación do número de persoas habilitadas para a venda baixo a dependencia do titular da autorización

f) Referencia á obrigaçión de coñecer e cumprir a normativa xeral de ordenación do comercio, a disciplina do mercado e a protección do consumidor

g) Condicións particulares ás que, no seu caso, quede suxeito o titular da autorización

h) Período de vixencia da autorización

Artigo 9.

1. As solicitudes de autorización ou licenza para o exercicio da venda ambulante presentaranse, con carácter xeral, polo menos cunha antelación dun mes respecto da data fixada ou prevista para o inicio da actividade.

2. Ditas solicitudes formularanse no modelo normalizado que se proporcionará nas oficinas municipais, no que se especificará os seguintes datos:

a) Para as persoas físicas: nome, apelidos e documento nacional de identidade do interesado e, no seu caso, da persoa que o represente, así como a identificación do domicilio que se sinale a efectos de notificacións.

b) Para as persoas xurídicas: nome, apelidos e documento nacional de identidade do representante legal, así como a identificación do domicilio que se sinale a efectos de notificacións, teléfono, fax, móbil e dirección de correo electrónico.

c) Para os cidadáns estranxeiros: nome, apelidos, documento nacional de identidade ou pasaporte e permiso de residencia e traballo que en cada caso sexan esixidos, así como a identificación do domicilio que se sinale a efectos de notificacións.

d) A identificación no seu caso da/s persoa/s con relación laboral ou familiar que vaian colaborar no desenvolvemento da actividade.

e) Modalidade de venda ambulante para a que solicita autorización, con descrición da actividade, oficio e/ou produtos obxecto de venda e características das instalacións (medidas, estrutura, etc).

f) Lugar e datas de exercicio da venda ambulante.

g) A matrícula, marca, modelo e cor do vehículo que se utiliza para a venda.

h) Lugar, data e firma do solicitante.

3. Xunto coa solicitude referida, o solicitante presentará:

- Dúas fotografías de tamaño carné do titular e/ou do traballador autorizado pola sociedade que exercerá a actividade comercial

- Unha declaración responsable asinada, na que manifeste:

a. O cumprimento dos requisitos establecidos.

b. Estar en posesión da documentación que así o acredite a partir do inicio da actividade.

c. Manter o seu cumprimento durante o prazo de vixencia da autorización.



d. Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao corrente no pago da tarifa ou, en caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.

e. Estar ao corrente no pago das cotizacións da Seguridade Social

f. Os procedentes de terceiros países deberán acreditar o cumprimento das obrigacións establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo.

g. Reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos obxecto da venda ambulante ou non sedentaria.

h. Ter subscrito póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra calquera clase de risco derivado do exercicio da súa actividade comercial.

i. Declaración expresa de que o solicitante coñece a normativa sectorial aplicable no termo municipal.

4. A circunstancia de estar dado de alta e ao corrente do pago do imposto de actividades económicas ou, no seu caso, no censo de obrigados tributarios, deberá ser acreditada, por el mesmo.

Artigo 10.

1. As autorizacións, que serán concedidas pola Alcaldía, están suxeitas á comprobación polo Concello do cumprimento polo peticionario dos requisitos esixidos por esta Ordenanza e pola restante normativa de aplicación.

2. A concesión das autorizacións efectuarase pola orde de presentación de solicitudes, consonte coa dispoñibilidade de espazo existente.

3. Non se concederá máis dunha autorización ao nome dunha mesma persoa física ou xurídica, agás cando existan espazos sen ocupar durante máis de 3 meses.

4. Antes da adxudicación nun mercado periódico dun posto a un novo titular, deberán resolverse as peticións de traslado ou permuta de postos que formulen os vendedores xa situados, evitándose, en todo caso, a concentración de postos dun mesmo tipo e debendo constar, no caso das permutas, o consentimento dos titulares do postos obxecto da mesma.

5. Os comerciantes que solicitasen un posto nun mercado periódico e non se lles concedeu pasarán a formar parte dunha bolsa para cubrir de forma provisional as baixas que se produzan ao longo do ano natural, ata a nova adxudicación.

6. Os postos que non estean ocupados polo seu titular antes das 10:30 horas poderán ser utilizados polos comerciantes que sen ter autorización permanente no mercado soliciten un para ese día. Os beneficiarios deberán cumprir os requisitos desta Ordenanza e pagar a taxa correspondente para o posto que van ocupar. Ser beneficiario dun posto ocasional no mercado non dá dereito a obter unha adxudicación.

Artigo 11.

A venda ambulante devengará as taxas que o Concello teña establecido mediante a correspondente ordenanza fiscal, que deberán aboarse no tempo e forma estipulado por ésta.

Artigo 12.

1. Por Decreto da Alcaldía fixarase a orde e a distribución dos postos nos mercados, que se fará en función do número de postos, as súas dimensións e especialidades.



2. Nos mercados periódicos e ocasionais poderá ser autorizada polo Concello a permuta de postos a solicitude dos titulares das correspondentes licenzas ou autorizacións, solicitude que se presentará por escrito ao Concello, asinada por ambos interesados, e que non producirá efecto ata que non conte coa debida aprobación municipal e abono, no seu caso, da taxa correspondente.

Artigo 13.

1. As autorizacións para o exercicio da venda ambulante teñen carácter discrecional e, por conseguinte, poderán ser revocadas polo Concello cando se considere conveniente en atención á desaparición das circunstancias que as motivaron, sen que isto dea lugar a indemnización ou compensación algunha, agás no seu caso, a devolución da parte proporcional das taxas pagadas.

2. Son causas de revogación da autorización, previa audiencia do titular e resolución da Alcaldía, entre outras as seguintes:

a) Desaparición das circunstancias que motivaron o seu outorgamento ou a aparición doutras que, de existir, xustificarian a súa denegación.

b) Concorrenza de causas de utilidade pública ou interese xeral, tales como a execución de obras ou reestruturación dos emprazamentos nos que se sitúe o mercado, ou por incompatibilidade sobrevida da instalación con outros servizos e obras que se estean executando na zona.

c) Por supresión do propio mercado ou feira ou redución da súa capacidade.

d) O incumprimento das condicións fixadas na licenza que dean lugar á súa revogación, previa tramitación do expediente administrativo, con audiencia ao interesado.

e) A non utilización do posto durante 3 días de feirón consecutivos ou 8 alternos nun ano, sen causa xustificada.

f) A reiterada falta de limpeza do posto e do seu entorno, unha vez finalizado o mercado.

g) A ocupación do posto por persoa non autorizada conforme ao disposto nesta Ordenanza.

3. As autorizacións para a venda ambulante extinguíranse polas seguintes causas:

a) A finalización do período polo que se autoriza a venda, sen prexuízo da posibilidade de renovación, cando as circunstancias e o tipo de venda ambulante así o permita.

b) Renuncia ou abandono do titular.

c) Por imposición de sanción moi grave prevista nesta Ordenanza.

d) A morte do titular da licenza, podendo, neste caso, concederse nova licenza polo tempo que quede ata completar o período autorizado, aos seus familiares en primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, tendo preferencia a falta de designación polo titular, aquel dos anteriores parentes que veña colaborando no exercicio da venda.

e) A extinción da personalidade xurídica da entidade ou sociedade titular da licenza, podendo neste caso concederse nova licenza, polo tempo que restase, a calquera dos socios integrantes da mesma, que deberá, en todo caso, reunir os requisitos esixidos para o exercicio da venda ambulante.

f) A constitución por parte do titular, por si só ou con terceiros, dunha entidade ou forma asociativa cuxa finalidade sexa o exercicio da venda ambulante, podendo neste



caso concederse nova licenza polo tempo que restase, á nova persoa resultante, que deberá cumprir os requisitos esixidos para o exercicio da venda ambulante.

Artigo 14.

Son obrigas dos titulares das licencias:

- a) Pagar as taxas correspondentes ao aproveitamento especial da vía pública dentro dos prazos establecidos.
 - b) Exercer a actividade ou vender exclusivamente os produtos ou xéneros para os que fosen autorizados.
 - c) De utilizaren pesas ou medidas, telas debidamente homologados pola autoridade competente.
 - d) Observar as normas sanitarias que establezan as disposicións vixentes.
 - e) Cumprir cantas obrigas imponían as disposicións aplicables por razón da actividade que exerzan, especialmente en materia de disciplina de mercado e comercialización.
 - f) Manter as instalacións, postos e demais elementos de venda nas debidas condición de seguridade, hixiene, conservación e limpeza. Deberán, o remate da xornada comercial, deixar limpos de residuos os espazos ocupados.
 - g) Reparar os desperfectos ocasionados na vía pública e instalación tanto durante o aproveitamento coma ao remate do mesmo.
 - h) Ter exposto para o público e para as autoridades que realicen actuacións inspectoras, en forma facilmente visible os seus datos persoais, a autorización municipal e unha dirección para a recepción das posibles reclamacións durante o exercicio da actividade.
- No caso de venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda e de postos desmontables cubertos, a identificación e o domicilio do comerciante deberá figurar tamén nas portas ou bandas laterais daqueles, ben sexa impresos directamente ou mediante carteis adheridos, e coas dimensións e caracteres necesarios para que resulten perfectamente visibles para o público.
- i) Mostrar a factura de compra dos produtos cando sexa requirido polas autoridades competentes e amosar os xustificantes do pagamento das taxas aos axentes municipais cando o requiran.
 - j) Cumprir as demais disposicións desta Ordenanza.

Artigo 15.

O Concello vixiará o debido cumprimento por parte dos titulares das autorizacións, do preceptuado nas mesmas .

A Policía Local velará polo mantemento da orde e polo cumprimento do disposto nesta ordenanza e na restante normativa aplicable.

ARTIGO 16. Clases de infraccións

Segundo o regulado no artigo 104 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, terán a consideración de infraccións leves:

- As simples inobservancias das disposicións establecidas nesta lei que non teñan repercusións económicas nin prexuízo para as persoas consumidoras.
- Non exhibir a necesaria autorización, homologación ou comunicación na forma legal ou regulamentariamente establecida.



- En xeral, incumprir as obrigas establecidas nesta lei que non sexan obxecto de sanción específica.

Terán a consideración de infraccións graves, no referente á venda ambulante ou non sedentaria:

- Practicar a venda fóra dos perímetros e/ou dos lugares autorizados ou con transgresión dos días e dos horarios establecidos.
- Practicar a venda calquera persoa non autorizada ou comerciantes que incumpran os requisitos establecidos nesta lei, nos regulamentos ou nas ordenanzas reguladoras.
- Practicar a venda en lugares que non reúnan as condicións establecidas nesta lei, nos regulamentos ou nas ordenanzas reguladoras.

Consideraranse ademais infraccións graves:

- Negarse ou resistirse a subministrar datos ou a facilitar a información requirida polas autoridades ou polos funcionarios e axentes da Administración comercial no exercicio das súas funcións de comprobación, e a subministración de información inexacta ou incompleta.
- Incumprir as disposicións administrativas relativas á prohibición de comercializar ou distribuír determinados produtos.
- Esixir prezos superiores a aqueles que fosen obxecto de fixación administrativa.
- Incumprir os prazos máximos de pagamento que establece o apartado 3 do artigo 15 da Lei 13/2010, así como non entregaren as persoas comerciantes ás súas persoas provedoras un documento que leve aparellada a execución cambiaria, e faltar a entrega dun efecto endosable á orde nos supostos e nos prazos previstos no apartado 4 do artigo 15 da Lei 13/2010.
- Incumprir por parte de quen outorgue o contrato de franquía a obriga de comunicación do inicio da actividade ao rexistro previsto no artigo 92.2 da Lei 13/2010 no prazo a que se refire ese precepto, así como non actualizar os datos que con carácter anual deban realizar.
- Non deixar constancia documental da data de entrega de mercadorías polos provedores ou falsear este dato.
- Cursar información errónea ou claramente insuficiente cando esta se solicite de conformidade coa normativa aplicable e teña carácter esencial, se xeren graves danos ou exista intencionalidade.
- Reincidir na comisión de infraccións leves.

Terán a consideración de infraccións moi graves:

Exercer actividades comerciais en establecementos comerciais individuais ou colectivos que non obtivesen a autorización autonómica a que se refire o artigo 29 da Lei 13/2010 cando esta sexa preceptiva.

Negarse ou resistirse a subministrar datos ou a facilitar a información requirida polas autoridades e polos seus axentes no exercicio das súas funcións de inspección, cando se efectuar a través de violencia física ou verbal ou calquera outra forma de presión.

Cometer as infraccións cualificadas como graves, sempre que supuxesen unha facturación, afectada pola infracción, superior a un millón de euros.

Reincidir na comisión de infraccións graves.



ARTIGO 17. Competencia sancionadora

A competencia para iniciar os procedementos sancionadores derivados das infraccións tipificadas nesta lei corresponderalle á persoa que posúa a titularidade das respectivas xefaturas territoriais da consellaría competente en materia de comercio.

Porén, a devandita competencia corresponderalle á dirección xeral competente en materia de comercio no caso de infraccións administrativas que afecten o ámbito territorial de dúas ou máis provincias da Comunidade Autónoma galega.

A competencia para a resolución dos expedientes sancionadores corresponderalles:

ci) Nos supostos de infraccións moi graves, ao Consello da Xunta de Galicia.

cii) Nos supostos de infraccións graves, a quen desempeñe a titularidade da consellaría competente en materia de comercio.

ciii) Nos supostos de infraccións leves, á persoa titular da xefatura territorial correspondente da consellaría competente en materia de comercio, cando afecten unicamente o seu respectivo ámbito territorial, e á persoa titular da dirección xeral competente en materia de comercio nos casos de infraccións que afecten o ámbito territorial de dúas ou máis provincias do territorio galego.

As infraccións tipificadas no tocante á licenza municipal de apertura e no relativo á venda ambulante ou non sedentaria, serán sancionadas polas persoas titulares das alcaldías, de conformidade co previsto na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

ARTIGO 18. Reincidencia

Entenderase por reincidencia a comisión, no período dun ano, de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme.

Malia isto, para cualificar unha infracción como moi grave só se atenderá á reincidencia en infraccións graves, e a reincidencia en infraccións leves só determinará que unha infracción deste tipo sexa cualificada como grave cando se incorrese en máis de dúas infraccións de carácter leve, cando así fose declarado por resolución firme.

ARTIGO 19. Sancións

As infraccións darán lugar ás seguintes sancións:

1. Apercibimento á persoa infractora.
2. Multa.
3. Incautación e perda da mercadoría.
4. Pechamento do establecemento ou suspensión da actividade comercial da que se trate por prazo non superior a un ano.

ARTIGO 20. Contía das multas

As infraccións leves serán sancionadas cun apercibimento ou unha multa de ata 1500 euros.

As infraccións graves, cunha multa de 1.501 ata 50.000 euros.

As infraccións moi graves, cunha multa de 50.001 ata 1.000.000 de euros.

ARTIGO 21. Graduación

Para a graduación das infraccións e sancións aplicables terase en conta transcendencia social da infracción, a natureza dos danos causados, o volume da facturación a que afecta, o grao de voluntariedade ou intencionalidade da persoa infractora, a contía do beneficio obtido, a capacidade ou solvencia económica da empresa, o prazo de tempo durante o que se cometeu a infracción e a reincidencia.



ARTIGO 22. Prescrición das infraccións

As infraccións reguladas na presente ordenanza prescribirán aos tres anos, as cualificadas como moi graves; aos dous anos, as cualificadas de graves e aos seis meses, as cualificadas como leves.

DAS ACTIVIDADES FERIAIS

ARTIGO 23. Comunicación previa

1. A realización de feiras mercado de ámbito territorial de influencia exclusivamente local comunicarásele previamente ao concello de Ares.

O concello deberá trasladar a comunicación recibida á consellaría competente en materia de comercio para a súa incorporación no Rexistro Oficial de Actividades Feirais de Galicia.

2. A persoa organizadora presentará a comunicación previa cunha antelación de dous meses antes da data en que pretenda realizar a actividade.

ARTIGO 24. Requisitos e obrigas

1. As persoas organizadoras da actividade feiral farán constar na comunicación previa os seguintes datos:

- Datos de identificación da persoa organizadora da actividade.
- A denominación, o ámbito territorial, a duración, a data e o lugar de realización.
- Os produtos a que se dirixe e a previsión de participantes.
- As características do espazo físico no que se vai desenvolver a actividade, así como os servizos dos que dispón.
- A realización ou non de venda directa.
- Aquelas circunstancias que, de ser o caso, se determinen regulamentariamente.

2. Son obrigas da persoa organizadora da actividade feiral:

- Presentar a comunicación previa nos termos previstos nesta lei e nas normas que a desenvolvan.
- Prestar a garantía que, de ser o caso, se estableza.
- Desenvolver a actividade feiral de conformidade coas condicións reflectidas na comunicación previa e cos preceptos da presente ordenanza.
- Responsabilizarse do cumprimento das prescricións establecidas nesta ordenanza e na normativa vixente, así como da seguridade das persoas, dos produtos, das instalacións industriais e do ambiente.
- Prestar a colaboración que lle sexa requirida pola consellaría competente en materia de comercio ou polo Concello no ámbito das súas respectivas competencias.

ARTIGO 25. Sancións

Os órganos competentes para impoñer as sancións establecidas na Lei 1/1996, do 5 de marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia, serán:

- A persoa titular do departamento territorial correspondente, para as derivadas de faltas leves. Cando a infracción afecte o ámbito territorial de máis dun departamento, será competente a persoa titular da dirección xeral competente en materia de comercio interior.
- A persoa titular da consellaría competente en materia de comercio interior, para as derivadas de faltas graves.
- O Consello da Xunta, para as derivadas de faltas moi graves.



Disposición transitoria.-

Os titulares dos postos que actualmente están a exercer a venda ambulante neste concello con autorización, deberán adaptar á súa actividade ao disposto na presente ordeanza, antes do 31 de xaneiro de 2012. Chegada esta data, sen ter presentada ante o Concello a documentación referida nos artigos anteriores ademais de estar ao corrente de pagos das taxas correspondentes, retiraráselle a autorización que poseen, deixando libre o espazo que ocupaban que poderá adxudicárselle a outro solicitante (atendende á data de presentación da solicitude).

Non obstante, poderán volver a solicitar autorización, a cal se tramitará por rigurosa orde de presentación.

Disposición derogatoria.-

Á entrada en vigor desta Ordenanza quedan derogadas cantas disposicións municipais anteriores regularan a mesma materia.

Disposición final.-

Esta ordenanza, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 8 de novembro de dous mil doce, entrará en vigor unha vez publicado enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de quince días ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,